

XOGAMOS COS NENOS E COAS NENAS GRAZAS A COLABORACIÓN FAMILIAR !!!

- A COLABORACIÓN FAMILIA-ESCOLA SEMPRE É IMPRESCINDIBLE DENDE A ESCOLA E DENDE A CASA!!



-.FACEMOS: GRAFOMOTRICIDADE DIVERTIDA, NÚMEROS E TAMEN LETRAS OU NOMES!!



- PODEMOS EMPREGAR ALIMENTOS PARA PEGAR OU PARA MERENDAR:
 - FABAS,ARROCES,PASTA,...SOPAS DE LETRAS!!
 - ANAQUIÑOS DE QUEIXO,DE PAN, AMORAS,ARANDANOS,...
- PODEMOS COLOCAR COUSAS DIVERTIDAS OU DA NATUREZA:
 - ANAQUIÑOS DE PAOS,FOLLAS,PEDRIÑAS,BOTÓNS, CUNCHAS...

- PODEMOS TRABALLAR DE MOITAS MANEIRAS SIN NECESIDADE DE TER LÁPIS OU PINTURAS:



-PODE SER CO MESMO DEDO SE BOTAMOS FARIÑA NUN PRATO OU BANDEXA,OU AZÚCRE,SAL, CACAO,O RESTO DESPOIS DE AFILAR PINTURAS,...



- GRAFOMOTRICIDADE DIVERTIDA:



- NÚMEROS:




- LETRAS:



- . RECORTAMOS:

- 2º COAS
TESOIRAS



- 1º COAS
MANS



- E SE
PRECISAMOS...
CON AXUDA!!


-.SERIES XOGANDO COAS CORES E O TACTO:



- NESTE CASO SON **CÁPSULAS DE CAFÉ DE DIFERENTES CORES: NEGRA, MARRÓN, BRANCA** CON **TÁCTOS DIFERENTES, MÁIS RUGOSAS, LISAS E A RAIAS.** TAMÉN SE PODEN EMPREGAR OUTROS MOLDES COMO QUEIXO FRESCO, FLANES, XELATINAS, IOGURES,...

- FORMAS:

- **RECICLANDO TAPAS!!**
- **REDONDAS, RECTÁNGULOS ,... AS USAMOS DE SILUETA E AS REPASAMOS DESPOIS PODEMOLAS PINTAR, FACER COMPOSICIÓN,...**



- **POR DISCRIMINACIÓN VISUAL E PRESTANDO ATENCIÓN IMOS RECOÑECENDO O NOME DAS DIFERENTES FORMAS, CON AXUDA DUN ADULTO, CÓMO SON, CANTOS LADOS TEÑEN,...**



- **COMA UNHA FICHA!! CADA FORMA COA SÚA COR.**



-CONCEPTO LÓXICO-MATEMÁTICO:

- **MEMORIZÁMOLO NÚMERO.**
- **METEMOS TAPAS DENTRO DO VASO OU AS DEIXAMOS FÓRA**
- **ABRIMOS OU PECHAMOS A PINZA**
- **E CANDO XA TEMOS O CONCEPTO BEN ENTENDIDO,POIS OS CONTAMOS SIN PROBLEMA!**

- O TUNEL OU A COVA DAS SABAS BRANCAS:



- XOGANDO DEBAIXO DAS SABAS MELLORAREMOS O **CONCEPTO CLARO-ESCURO** A TRAVÉS DO XOGO E PERDER ESE MEDO QUE TEÑEN ALGÚNS CATIVOS.
- PERO TAMÉN A **MEMORIZACIÓN**, A **LOCALIZACIÓN** NUN PEQUENO ESPAZO: MANDANDOLLE AGOCHAR DOUS XOGUETES PEQUENOS, CANDO SAEN DECIENDO QUE ESTÁN ESCÓNDIDOS PROPOÑÉMOSLLE ATOPAR O DA **COR** ... (A CORRESPONDENTE A UN DOS XOGUETES) O QUE ESTÁ MÁIS **PRETO /LONXE**, MAIS **ARRIBA/ABAIXO**, OU SE SON MAIORES O QUE SE ATOPA MÁIS A **ESQUERDA/DEREITA**. ASÍ APRENDEN A **DESENVOLVERSE NO ESPAZO** E O VOCABULARIO NECESARIO PARA ELO.

-.BAÑO DE ESCUMA:



- NESTAS DATAS NON SOAMENTE **NOS RELAXA** ,NOS **PERFUMA**,E NOS ARRECENDA ESE XABRÓN FAMILIAR QUE NOS LEMBRARÁ ESTES BOS MOMENTOS EN FAMILIA CANDO IMOS MEDRANDO!!! TAMÉN É UN **EFICAZ ANTIVIRUS!!**.
- E NA BAÑEIRA ENTRE OUTRAS COUSAS COMO **TAMAÑOS ,CORES,TEXTURAS,OLORES...** TAMÉN APRENDEMOS QUE ALGUNS MATERIAIS **PESAN POUCO E ABOIAN** UTROS **PESAN MÁIS E AFUNDENSE**.
- PODEMOS ENCHER DIFERENTES TAMAÑOS DE VASOS **TRASPASANDO O AUGA** DE UNS PARA OUTROS,COMPROBANDO QUE NO GRANDE CABE O CONTIDO DE DOUS PEQUENOS,... SON COUSIÑAS QUE LEVAN O SEU TEMPO APRENDER PERO QUE POUCO A POUCO,SEGÚN IMOS MADURANDO, O RELACIONAMOS COA NENEZ E É MÁIS DOADO APRENDELO.

-.CASIÑA OU TENDA DE CAMPAÑA:



- O ESPACIO SIMBÓLICO PARA REPRESENTAR NEL UNHA CASIÑA, UNHA TENDA DE CAMPAÑA, UNHA CLÍNICA VETERINARIA, UN HOSPITAL,... É MOI DOADO FACER NA CASA SIMPLEMENTE CON BOTAR UNHA TEA GRANDE, UN MANTEL OU UNHA SABA POR RIBÁ DUNHA MESA DO SALÓN OU DA COCIÑA. ONDE OS PAIS/NAIS POIDAN VIXIAR INDIRECTAMENTE AOS FILLOS/AS E ELES TEÑAN ESE PEQUEÑO ESPAZO MÁIS INTIMO PARA XOGAR AGOCHADOS, FACER TEATRO, DISFRAZARSE...DEPENDENDO DO MATERIAL OU XOGUETES QUE LLE GUSTEN E TEÑAN CADA UN DELES.



-A TORRE MÁIS ALTA:

- AXUDANOS A BUSCAR ESA ESTABILIDADE QUE NECESITAMOS PARA CHEGAR A VOAR TAN ALTO COMO QUEREMOS, PARA MEDRAR, MADURAR, CULTURZARNÓS E CHEGAR A BO PORTO!
QUE SE NOS CAE!! OUTRA VEZ A INTENTALO, E BUSCAR ESA ESTABILIDADE QUE PRECISAMOS PARA FACELA BEN ALTA!!
TODOS TEMOS QUE APRENDER DÍA A DÍA E DE MANEIRA CONSTANTE!
- AO MESMO TEMPO REPASAMOS A **PSICOMOTRICIDADE E EQUILIBRIO** ENGANCHANDO AS PEZAS. AS CORES, HAI QUE **TER EN CONTA O TAMAÑO** E AS DIFERENTES **FORMAS**, AXEITANDOAS A NOSA CONSTRUCCIÓN.

-.MASA FEITA A MAN:



- CANDO FACEMOS UNHA MASA A MAN O PRIMEIRO QUE APRENDEN OS CATIVOS ESTÁ RELACIONADO COA **HIXIENE**:
- LAVAMOS AS MANS;
- TEMOS LIMPA A MESA E OS RECIPIENTES,
- BOTÁMOLO PELO CARA ATRÁS (pinzas, diademas, pucho,...)
- REMANGÁMONOS






- DESPOIS COAS MANS NA MASA PERCIBEN UNHA SERIE CONTINUA DE CAMBIOS E **SENSACIÓNS A TRAVÉS DO TACTO**:

- A FARIÑA FINDIÑA E SECA,
- DESPOIS HÚMIDA E PEGAÑENTA,
- SEGÚN AUMENTAMOS OS INGREDIENTES A MESTURA SINTESE MÁIS GROSA, PESADA,
- COSTOSA DE TRABALLAR... E POR FÍN REMATADA!!



- POIS NON!! SI É DE PAN,TEÑEN QUE **APRECIAR COA VISTA**,FACENDO UNHA MARQUIÑA,COMO A MASA AUMENTA DE VOLUMEN,QUE GRANDE ESTÁ AGORA! POIS AINDA HAI QUE **DARLLE FORMA PLANA** CO RULIÑO PARA ADAPTALA AO MOLDE!
- SI É DE GALLETAS AÍNDA QUEDAN **MOITAS FORMAS** POR FACER,
- SI É UNHA TRENZA HAI QUE TRENZALA E DESPOÍS AXUDAR A FACELA **SERIE COAS FROITAS ESCARCHADAS!!**



- E XA NO FORNO,TEÑEN QUE **ENCARGARSE OS MAIORES!!!**

- PERO PODEN IR **COMPROBANDO COMO MEDRAN,CAMBIAN DE COR,ARRECENDEN QUE ALIMENTAN...UHMMM!!!**



**HOXE AINDA
NON QUENTOU**





- COLGAR A ROUPA:

- POÑEMOS UN TENDAL A SÚA ALTURA E TEMOS ENTRETEMENTO GARANTIDO!! :
- TEÑEN QUE COORDINAR AS DÚAS MANS PARA COLLER A ROUPA E TENDELA,
- FACER O MOVEMENTO DE PINZA E APRETAR CON FORZA,





- **COORDINACIÓN OCULO-MANUAL** ENTRE SUXEITAR A ROUPA CO CORDEL E ABRIR A PINZA DE MANEIRA QUE ENGANCHE TODO.
- O PRINCIPIO COSTALLES E NON RESULTA DOADO PERO DESPÓIS É MOI SATISFACTORIO “SABER FACER COMA OS MAIORES”





- E TAMÉM PODEN BUSCAR AS PINZAS DA COR IGUAL AO DAS ROUPAS.



E ATA DOBLALA:

- O FACER AS COUSAS BEN, CON LIMPEZA, ORDEN E COIDADADO É IMPRESCINDIBLE DURANTE TODA A EDUCACIÓN.



- E AS BASES TEÑEN QUE ESTAR NO DÍA A DÍA, DENDE O PRIMEIRO MOMENTO. NAS CASAS HAI MOITAS TAREFAS NAS QUE OS NENOS-AS PODEN **AXUDAR**: GARDAR OS SEUS XOGUETES CADA COUSA NO SEU LUGAR, PREPARAR COS PAIS-NAIS AS MOCHILAS DO COLEXIO O DÍA ANTERIOR, POÑER A MESA E RECOLLER, LEVAR A VESTIMENTA SUCIA PARA O CESTO DA ROUPA,...

- . BROCHETA DE FROITAS, DE GOMINÓLAS (MÁIS ... NON SON TAN SANS)




- **FAREMOS SERIES, MÁIS OU MENOS SINXELAS DEPENDENDO DE CADA NENO-A: DE UNHA EN UNHA, DE DÚAS EN DÚAS, TRES EN TRES, CON DÚAS FROITAS, CON DÚAS , CON.... CINCO!!**
- **SABOREAMOS E PROBAMOS FROITAS, FIXÁMONOS NAS TEXTURAS, OLORES, AS CORES, .**
- **COORDINACIÓN ÓCULO-MANUAL PARA ENGANCHAR AS FROITAS!.**

- . DISFRÁZATE!!

- COMO SI FIXÉRAMOS TEATRO!!
- PODEMOS SER O QUE NON SOMOS, O QUE NOS GUSTARÍA SER...
- O QUE NOS FAI RIR, O QUE NOS DEIXA CORRER, CANTAR, RIFAR, FALAR MOI ALTO... OU RECIBIR UNS MIMOS DOS QUE TEMOS PRETO!



-.ATACAR A RIR,RIR MOITO:



- OS PAIS E NAIS IMOS RIR MOITO CANDO OS NOSOS-AS CIENTÍFICOS DÍGAN QUE XA TEMOS UNHA VACINA OU REMEDIO PARA QUE TODOS MELLOREMOS. MENTRAS TANTO A MELLOR RECEITA PARA OS NOSOS CATIVOS E NON TAN CATIVOS É **RIR E RIR CON DIFERENTES SON** (JA,JA.. JEEE.JEEE...,JII,JI,JIIII..)EN DIFERENTES SITIQS DA CASA, FACENDOLLES CÓXEGAS, BAILANDO,POÑENDO MOCAS, CONTANDO CHISTES,SEGUINDOLLLES O CONTO E SOBRE TODO RIR CON ELES E ELAS!!
- SEMPRE HAI TEMPO PARA TODO

-.A COLABORACIÓN DE TODOS É SEMPRE NECESARIA NA VIDA!! POR ISO SAÍMOS A FIESTRA OU AO BALCÓN A APLAUDIR A TÓDOLOS QUE NÓS AXUDAN DIARIAMENTE: SANITARIOS, PANADEIROS, TENDEIROS E TRABALLADORES DE SUPERS, FÁRMACEUTICOS,



MOITAS GRAZAS A TODOS OS PAIS E NAIS QUE CO VOSO EXEMPLO E AXUDA APRENDEMOS A FACER TODOS ESTES XOGOS E POÑER A MASCARILLA, SEPARARNOS UNS DE OUTROS, LAVAR BEN AS MANS, ...

O PATIO DO COLEXIO E AS MESTRAS BOTANVOS EN FALTA, COIDÁDEVOS MOITO!!



UN SAÚDO. A MESTRA ANGÉLICA.